

Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque eólico Felga
Localización:	Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña)
Promotor:	Green Capital Power, S.L.
Remitente:	Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
S/clave:	IN408A 2017/19
Data rexistro:	10.08.2021
Expedientes:	03.I.497.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3157/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 10.08.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Xefatura Territorial da Coruña da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación co que, en relación coa documentación presentada o 12.11.2020 e informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 09.04.2021, "*Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Felga, en los términos municipales de Coirós, Oza-Cesuras y Aranga (A Coruña), Febrero 2020*" e "*Proyecto Sectorial del Parque Eólico Felga, en los términos municipales de Coirós, Oza-Cesuras y Aranga (A Coruña), Febrero 2020*", se xunta nova documentación denominada "*Descripción y valoración de la nueva alternativa para el parque eólico Felga en los términos municipales de Aranga, Oza – Cesuras y Coirós (A Coruña). Xullo 2021*", na que se propón novo deseño do parque eólico ao obxecto de que se emita informe o correspondente informe.

O 03.12.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un novo escrito da un escrito da Xefatura Territorial da Coruña da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se dá traslado da documentación complementaria remitida por Greenalia Wind Power, SLU en resposta ao requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.10.2021. Achégase o enlace para descargar o documento denominado "*Descripción y valoración de la nueva alternativa para el parque eólico Felga en los términos municipales de Aranga, Oza – Cesuras y Coirós (A Coruña). Noviembre 2021*".

ANTECEDENTES E FEITOS

En relación co proxecto de referencia atópase na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, entre outros, o seguintes antecedentes:

- "*Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Felga, TT.MM. de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña), Febreiro 2020*" e "*Proxecto Sectorial Parque Eólico Felga, Febreiro 2020*", informados desfavorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 09.04.2021.

En xullo de 2021 e febreiro de 2022 teñen entrada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dous documentos asinados polo arqueólogo Antón Fernández Malde, da empresa Malde arqueoloxía, SL, realizados a petición da Asociación de Veciños Fervenzas-San Vicente, como alegación á construción do parque eólico. Tamén, en xuño de 2022 ten entrada o documento *Informe arqueolóxico do impacto sobre os bens culturais do Monte do Gato dos parques eólicos Felga, Gato e Penas Boas*, elaborado polo mesmo arqueólogo a petición da Alcaldía de Oza-Cesuras para o seu traslado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)



- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE num. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 04.07.2022)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)
- Resolución de 20 de novembro de 2013, de Parques Nacionais, pola que se publica a aprobación pola UNESCO de tres reservas da biosfera españolas: Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, Galicia; Reserva da Biosfera de Terres de l'Ebre, Cataluña; Reserva da Biosfera do Real Sitio de San Ildefonso-El Espinar, Castilla e León, e a ampliación da Reserva da biosfera Ordesa-Viñamala, Aragón (BOE núm. 321, do 30.12.2013)

Análise dos documentos

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento presentado o 03.12.2021 engloba, actualiza e complementa o documento anterior presentado o 10.08.2021, polo que a análise realizarase deste último documento: *"Descripción y valoración de la nueva alternativa para el parque eólico Felga en los términos municipales de Aranga, Oza – Cesuras y Coirós (A Coruña). Noviembre 2021"*.
- Segundo o último documento remitido, o deseño agora proposto, denominado alternativa definitiva, consiste nun parque eólico de potencia total 20,8 MW formado por 4 aerogeneradores modelo Siemens Gamesa SG 145 (5,2 MW) ou similar, cunha altura de buxa de 127,5 m e un diámetro de rotor de 145 m (altura total 200 m).
- No apartado 3.1 da memoria, *Descrición xeral dos cambios introducidos na alternativa definitiva respecto á alternativa previamente informadas*, resúmense as modificacións máis importantes que consisten en:
 1. Cambio da proposta de acceso ao parque eólico. A proposta orixinal era co acceso desde o sur mentres que coa nova alternativa accédese polo norte, desde a nacional VI ao seu paso polo concello de Coirós. O novo acceso xa non afectaría á Necrópole de Monte do Gato, aínda que está deseñado por unha zona de fortes pendentes e que amosa unha mesta vexetación que tivo que dificultar a súa prospección intensiva.
 2. Redución do número de aerogeneradores pasando de 5 a 4, eliminando o aerogenerador AE05, que é o que está a maior cota. Asemade, recolócase o aerogenerador AE02 para non afectar a novos elementos arqueolóxicos e á ampliación da Rede Natura do ano 2011.
 3. Cambio do modelo de aerogenerador, pasando a instalar máquinas Siemens-Gamesa de 5,2 MW de potencia unitaria con 127,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, no lugar das previstas no documento anterior, modelo Vestas V136 de 4,2 MW que tiñan 112 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor.
 4. Redución da potencia instalada que pasa de 21 a 20,8 MW.
 5. Modificación dos vieiros, gabias e plataformas para evitar afeccións a zonas húmidas.
 6. Eliminación da torre meteorolóxica.
 7. Nova localización da subestación por informe do IET e polo tanto creación dunha nova zona de acopios nunha zona chaira e ocupada por plantacións forestais situada ao sur do vial de acceso ao AE02.



- No apartado 5 *Análise paisaxístico* indícase que se procedeu a ampliar o estudo paisaxístico en relación co patrimonio cultural, tendo en conta a nova disposición dos aeroxeradores e o resto dos parques eólicos que se están a tramitar na zona. Este apartado inclúe descrición dos elementos do patrimonio cultural e análise da afección visual aportando recreacións infográficas, así como un estudo sinérxico tamén con infografías.
- Xúntase ao documento un anexo denominado *"Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Felga. Coirós, Oza-Cesuras y Aranga"* asinado, en novembro de 2021 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira. Neste documento inclúese unha táboa con 29 elementos do patrimonio cultural, se ben 24 deles non estarían afectados polas obras e para os outros 5 cualifícase o impacto como compatible, entre estes contaríanse o Petróglifo 2 de Fonte do Oso (GA15027034) e os túmulos Mámoas de Fonte do Oso (GA15027044 e GA15027047) e a Mámoas de Fontechas (GA15027045 e GA15027046). En diferentes puntos do informe evidénciase a existencia de áreas cunha densa vexetación, que impide, ou cando menos dificulta, a correcta realización dunha prospección intensiva. Proba desta dificultade é a localización de novos xacementos, non incluídos na primeira Avaliación de Impacto, atopados tras a execución de talas e desbroces en zona previamente prospectadas.

Asemade, no documento faise referencia existencia de valados e muros de pedra de escaso porte e técnica sinxela e se recomenda respectalos o máximo posible e restituír os tramos que teñan que ser desprazados en caso de ampliación de camiños.

Unha vez analizada a documentación presentada, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, non se ten constancia de que existan bens integrantes do patrimonio cultural que se poidan ver afectados directamente pola construción do parque eólico aínda que si dentro da poligonal, conforme ao expresado no documento *"Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Felga. Coirós, Oza-Cesuras y Aranga"* asinado, en novembro de 2021, polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira.
- Pese a non existir afeccións directas sobre bens arqueolóxicos, grazas ao redeseño do proxecto que afasta as obras fóra dos contornos de protección dos elementos do patrimonio cultural, hai que ter en conta que a nova infraestrutura está proxectada nunha área de especial riqueza arqueolóxica. O parque de Felga queda localizado no sector noroccidental da necrópole de Monte do Gato, unha gran concentración tumular distribuída ao longo da dorsal do mesmo nome. Este conxunto arqueolóxico presenta unha especial concentración de xacementos no sector sueste da serra, aínda que existen túmulos espallados ao longo de toda a dorsal.

Esta presenza tumular é indicativa dunha ocupación temperá do espazo que quere ocupar coa nova infraestrutura eólica, polo que resulta altamente probable que durante o desenvolvemento dos traballos poidan localizarse novos restos arqueolóxicos. Esta previsión inclúe a localización tanto de novos xacementos funerarios, hoxe ocultos baixo o manto vexetal tal e como pasou cos túmulos de Fonte do Oso (GA15027044 e GA15027047) ou as Mámoas de Fontechas (GA15027045 e GA15027046); como de petróglifos, similares aos de Fonte do Oso (GA15027033 e GA15027034); ou incluso a detección de concentracións de materiais coa aparición de asentamentos actualmente enterrados e que as obras pode deixar á vista.

- Na zona, ademais dos elementos recollidos no documento de Avaliación, temos mención da existencia dun topónimo, Campo de Cruz Xaneiro (TO15063003) e dunha referencia a un camiño, o Camiño de Cruz de Campo Xaneiro RE15063009. Ambos aparecen recollidos no documento *"Informe arqueolóxico do impacto sobre os bens culturais do Monte do Gato dos parques eólicos Felga, Gato e Penas Boas"* elaborado polo arqueólogo Antón Fernández Malde, da empresa Malde arqueoloxía, SL, a petición da Alcaldía de Oza-Cesuras para o seu traslado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, onde ten entrada en xuño de 2022.



- O acceso ao parque eólico está deseñado por unha zona de fortes pendentes, cuberta por un espeso manto vexetal, unha análise da fotografía aérea histórica permite observar a existencia de numerosos afloramentos, ocultos na actualidade baixo a mesta capa de vexetación. Resulta previsible que a revisión pormenorizada da zona, unha vez realizada a limpeza da vexetación proporcione novos datos de interese arqueolóxico que poidan condicionar os traballos de construción.
- Respecto aos muros de cachotaría tradicional, executados coa técnica de pedra en seco, aos que se fai referencia na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural que poden verse afectados, non se reflicten na cartografía polo que non se pode valorar previamente a afección. Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

No citado documento do arqueólogo Antón Fernández Malde *Informe arqueolóxico do impacto sobre os bens culturais do Monte do Gato dos parques eólicos Felga, Gato e Penas Boas* recóllense algúns exemplos de afeccións a muros, pero tampouco se aprecia nas fotografías a súa entidade e características.

- Tamén, nese mesmo documento identifícanse unha serie de referencias a camiños históricos entre os que se encontra o Camiño do Monte do Gato no seu tramo da Cruz do Xaneiro. Segundo este documento trátase dun camiño que xa aparece representado nos anos 20 e 40 do século XX e discorre polos cumios do Monte do Gato bifurcándose para sortear o Pico Felga. Este camiño, que conservaría rodeiras na zona da Cruz de Xaneiro, segundo se amosa nas fotografías que acompañan ao informe, non aparece recollido, nesta zona, en planimetría antiga, como no plano de Fontán, polo que resulta difícil determinara a súa antigüidade.

Na análise da fotografía aérea histórica pódese apreciar a existencia deste camiño, que hoxe seguiría a conectar, a través do Monte do Gato, as estradas N-VI e AC-230 e que segue o trazado identificado polo arqueólogo Antón Fernández Malde, unha traza que manteñen en uso pistas e cortalumes de factura contemporánea e que, unicamente no seu tramo norte, comparte trazado cun camiño que subía ao monte Felgar e que si aparece claramente grafado no plano de Fontán, e non se atopa afectado polas futuras obras.

O aeroxerador AE04 deséñase interceptando e inutilizando este camiño existente coas súas plataformas de montaxe. Tamén o final do acceso desde o aeroxerador AE04 afectaría a un tramo do camiño, algo similar pasa en varios tramos do vial principal, e coa gabiá de cableado, que tamén afectan sobre este camiño en varios puntos, como no tramo entre os aeroxeradores AE03 e AE02 ou na gabiá e vial de acceso a este último.

- No mesmo documento asinado polo arqueólogo Antón Fernández Malde, danse conta dunha serie de referencias, das que unicamente a de Campo da Cruz de Xaneiro, podería verse afectada dalgún xeito polo proxecto, xa que queda situada nas proximidades do vieiro e gabiá que unen este parque co PE Gato. Este vieiro de unión entre ambos parques evidencia a proximidade existente entre o PE de Felga e a necrópole de Monte do Gato, así como a importancia de controlar e evitar o paso de vehículos relacionados coas obras por esta necrópole e as súas inmediacións.

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio arquitectónico e etnográfico, emítese un informe **favorable** ao documento "Descripción y valoración de la nueva alternativa para el parque eólico Felga en los términos municipales de Aranga, Oza – Cesuras y Coirós (A Coruña). Xullo 2021", coas cautelas e medidas correctoras establecidas no Anexo 1 "*Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural. Alternativa definitiva. Parque eólico Felga. Coirós, Oza-Cesuras y Aranga*" incluído na documentación remitida o 03.12.2021, e sempre que se teñen en conta ademais as seguintes condicións de cautelas:



- A posición do aeroxerador AE04 e o tramo final do acceso que conecta co parque eólico Gato deberán axustarse de xeito que a súa construción non afecte nin ocupe o camiño tradicional existente e o respecte, permitindo que manteña o seu uso, tanto durante como unha vez finalizadas as obras. O mesmo debe de facerse no resto de tramos nos que os vieiros e a gabia interaccionen co trazado deste camiño, para asegurar este respecto tanto no replanteo das obras nestes tramos, como nos posteriores traballos de construción, que impliquen escavación ou movementos de terras, que deban de realizarse baixo supervisión arqueolóxica.
- Tendo en conta o estado da vexetación deberá de realizarse un desbroce previo de aquelas zonas nas que a vexetación é máis densa, establécense para isto 3 sectores prioritarios de control do desbroce:
 - Zona do acceso ao parque, dende o seu enlace coa antiga N-6 ata o aeroxerador AE01 (incluída a totalidade da plataforma, área de manobra e cimentación deste).
 - Vieiro, gabia e plataforma, área de manobra e cimentación do AE02.
 - Zona de zona de acopios ao sur do AE02.

Nestas 3 zonas debe de retirase toda a vexetación baixo supervisión arqueolóxica para, deste xeito, evitar o uso de maquinaria pesada na limpeza ou da realización de calquera outro tipo de acción que poda alterar a superficie do terreo. Rematados os traballos de limpeza e retirada da vexetación, e con anterioridade ao inicio dos traballos de construción, deberá de realizarse unha prospección superficial intensiva que garanta que non existen restos arqueolóxicos baixo o manto vexetal existente nestas zonas. A aparición de calquera novo resto ou evidencia de interese patrimonial deberá de comunicarse inmediatamente a esta Dirección Xeral para que se poidan tomar as medidas cautelares e protectoras necesarias.

Tendo en conta as posibles consecuencias que para o posterior desenvolvemento das obras pode ter esta medida deberá de realizarse con anterioridade ao inicio das obras, para, deste xeito, permitir calquera futura modificacións do proxecto causadas pola aparición de novos restos non recollidos na Avaliación de Impacto.

- A planimetría de obra deberá recoller tódolos elementos de interese patrimonial existentes dentro da poligonal, así como os seus contornos de protección, tamén se incluíran todos aqueles elementos que puidesen aparecer durante os traballos previos de roza o durante os traballos de construción.
- Os traballos de construción do Parque Eólico Felga realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto deberá incorporar as medidas correctoras recollidas no Anexo 1 da documentación remitida o 03.12.2021.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas que deberá ser continuo e presencial nas obras de construción do vieiro e plataforma do aeroxerador AE02, esta medida farase extensible aos contornos de protección dos novos bens arqueolóxicos que poda aparecer no transcurso das obras.
- Queda prohibido o uso do camiño que dende o futuro parque chega á zona da necrópole de Monte do Gato. Esta prohibición inclúe calquera tipo de obra de acondicionamento, mellora, ampliación ou reparación. Será responsabilidade directa da dirección de obras calquera traballo que alí se execute, sen permiso explicito da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, usando maquinaria, persoal ou materiais da obra.
- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente a persoa ou persoas encargadas do control e seguimento arqueolóxico, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan



ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.

Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e procederase á súa reintegración e remate axeitado.

- Por último e tal e como se recolle entre as medidas correctoras propostas no Anexo 1 da documentación remitida o 03.12.2021, será necesario realizar, a modo de medida correctora xenérica e como medida paliativa sobre o impacto xerado sobre o contorno da necrópole de Monte do Gato realizar un proxecto de posta en Valor da mesma. Entendendo a posta en Valor como un proxecto de protección, difusión e valorización da necrópole tumular e o seu contorno.

Respecto do proxecto sectorial

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do Parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse coa totalidade do inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto sobre os mesmos e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios. As modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Os contornos de protección dos bens arqueolóxicos serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberán referirse as normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Asemade os concellos afectados deberán integrar os novos xacementos arqueolóxicos, unha vez identificados e contrastados, nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

